

ACTA DA SESIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN CELEBRADA O DÍA 12 DE XANEIRO DE 2017

Na sala de Xuntas da Casa do Concello de Monforte de Lemos, sendo as 9:10 horas do día 12 de xaneiro de 2017, reúnense, habendo sido debidamente convocados ao efecto, os seguintes membros que conforman a Mesa de Contratación.-

Presidente da Comisión: D. José Tomé Roca (Excmo. Sr. Alcalde do Concello de Monforte de Lemos).

Vogais: D^ª. Gloria M^ª Prada Rodríguez (Concelleira de Réxime Interior)
D. José Luis Losada Fernández (Concelleiro de Medio Rural e Servizos).
D^ª. María Buján Arias (Interventora Acctal).
D. José M^ª Baños Campo (Secretario Xeral).
D^ª. Antía Nieves Rodríguez (Enxeñeiro técnico municipal).

Secretario: D. José M^ª Valcarce Rodríguez (Técnico municipal de contratación).

Asiste como asesor da Mesa de Contratación o arquitecto Director da obra.-
D. Antonio Rodríguez Domínguez.

Comprobada a existencia do preceptivo quórum, pola presidencia declárase perfectamente constituída a Mesa de Contratación e cumpridas as formalidades esixidas pola Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, procedese ao estudo e debate do primeiro asunto da orde do día da convocatoria da sesión, a saber.-

- Apertura, en acto privado, dos sobres **SOBRES nº1 "DOCUMENTACIÓN PREVIA"** dos licitadores concorrentes ao procedemento para a contratación da obra de **SEPARATA DO PROXECTO DA ESTACIÓN DEPURADORA DE AUGAS RESIDUAIS E BOMBEO SAÍDA O RÍO CABE (1ª FASE) DA ÁREA LOXÍSTICA E INTERMODAL PORTO SECO DE MONFORTE DE LEMOS" (EXP.020-OBPA16).**

Polo Secretario da Mesa se da conta das empresas concorrentes á licitación e acto seguido se procede á apertura dos Sobres nº 1 "Documentación previa" das mesmas, segundo orde de entrada no Rexistro Xeral do Concello, resultando o seguinte.-

LICITADORES	CONTIDO SOBRE Nº1
1.- ESPINA&DELFIN, S.L.	A documentación achegada se axusta no seu contido ao esixido na cláusula 12ª

	das do prego de cláusulas administrativas particulares.
2.-CONSTRUCCIONES OREGA, S.L.	A documentación achegada se axusta no seu contido ao esixido na cláusula 12ª das do prego de cláusulas administrativas particulares.
3.-CONSTRUCC. TABOADA Y RAMOS S.L.	A documentación achegada se axusta no seu contido ao esixido na cláusula 12ª das do prego de cláusulas administrativas particulares.
4.- CONSTRUCCIONES RAFER, S.L.	A documentación achegada se axusta no seu contido ao esixido na cláusula 12ª das do prego de cláusulas administrativas particulares.
5.- GRUPO BASCUAS 2008,S.L..	A documentación achegada se axusta no seu contido ao esixido na cláusula 12ª das do prego de cláusulas administrativas particulares.
6.-PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.	A documentación achegada se axusta no seu contido ao esixido na cláusula 12ª das do prego de cláusulas administrativas particulares.
7.- OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L.	A documentación achegada se axusta no seu contido ao esixido na cláusula 12ª das do prego de cláusulas administrativas particulares.
8.- ASOGAL CONSTRUCCIONES, S.L.	A documentación achegada se axusta no seu contido ao esixido na cláusula 12ª das do prego de cláusulas administrativas particulares.
9.- CANALIS SOLUCIONES TECNOLÓGICAS, S.L.	A documentación achegada se axusta no seu contido ao esixido na cláusula 12ª das do prego de cláusulas administrativas particulares.
10.- AQUANOR AGUAS DEL NOROESTE, S.L.	A documentación achegada se axusta no seu contido ao esixido na cláusula 12ª das do prego de cláusulas administrativas particulares.
12.- HORDESCON, S.L.	A documentación achegada se axusta no seu contido ao esixido na cláusula 12ª das do prego de cláusulas administrativas particulares.
13.- EXTRACO, S.A.	A documentación achegada se axusta no seu contido ao esixido na cláusula 12ª das do prego de cláusulas administrativas particulares.
14.- MISTURAS, S.A.	A documentación achegada se axusta no seu contido ao esixido na cláusula 12ª das do prego de cláusulas administrativas particulares.

Á vista do contido dos sobres nº 1 dos licitadores a Mesa de Contratación, pola unanimidade dos seus membros, acorda admitir ao procedemento a todas as empresas concorrentes e, consecuentemente proceder ao estudo do segundo punto da orde do día.-

- De resultar procedente, apertura, en acto público, dos **SOBRES nº2 "PROPOSICIÓN ECONÓMICA"**, dos licitadores admitidos ao procedemento para a contratación da obra de **SEPARATA DO PROXECTO DA ESTACIÓN DEPURADORA DE AUGAS RESIDUAIS E BOMBEO SAÍDA O RÍO CABE (1º FASE) DA ÁREA LOXÍSTICA E INTERMODAL PORTO SECO DE MONFORTE DE LEMOS" (EXP.020-OBPA16**

Trala lectura polo Secretario da Mesa da cláusula 13ª do prego administrativo, se leva a cabo a apertura en acto público dos sobres nº 2 dos licitadores admitidos, resultando o seguinte.-

LICITADORES	PREZO (IVE incluído)	REDUCCIÓN PRAZO EXECUCIÓN	AMPLIACIÓN PRAZO GARANTÍA
1.- ESPINA&DELFIN, S.L.	244.783,00.-€	6 Semanas	50 meses
2.-CONSTRUCCIÓNES OREGA, S.L.	263.789,68.-€	4 semanas.	48 meses
3.-CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS S.L.	233.263,80.-€	4 semanas	48 meses
4.- CONSTRUCCIONES RAFER, S.L.	239.023,40.-€	4 semanas	48 meses
5.- GRUPO BASCUAS 2008,S.L..	225.488,34.-€	3 semanas Non achega programa detallado da obra	12 meses
6.-PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.	244.783,00.-€	4 semanas Non achega programa detallado da obra	48 meses
7.- OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L.	217.420,00.-€	4 semanas	48 meses

8.- ASOGAL CONSTRUCCIONES, S.L.	257.488,00.-€	4 semanas	48 meses
9.- CANALIS SOLUCIONES TECNOLÓGICAS, S.L.	244.783,00.-€(*)	4 semanas	48 meses
10.- AQUANOR AGUAS DEL NOROESTE, S.L.	244.783,00.-€	4 semanas	48 meses
12.- HORDESCON, S.L.	244.783,00.-€	4 semanas	48 meses
13.- EXTRACO, S.A.	244.783,00.-€	4 semanas	48 meses
14.- MISTURAS, S.A.	244.783,00.-€	4 semanas	48 meses

(*)Polo que se refire á oferta presentada pola empresa Canalis Soluciones Tecnológicas, S.L. á vista do seu contido, a Mesa de Contratación, por unanimidade, estima que o importe ofertado é de 244.783,00.-€ (IVE incluído) ao observar que a proposición reflicte 244.784,00.-€ por un simple erro de suma.

Obsérvase que todas as empresas concorrentes que ofertaron unha redución no prazo de execución da obra achegaron o programa detallado da obra recollido na cláusula 13ª do prego de cláusulas administrativas como documento para que a oferta sexa admitida á licitación agás as empresas Grupo Bascuas 2008, S.L. e Petrolam Infraestructuras, S.L. que non aportan dito documento.



Asemade, obsérvase tamén que as ofertas achegadas polas empresas Construccions Taboada y Ramos, S.L.; Construcciones Rafer, S.L.; Grupo Bascuas 2008, S.L; Petrolam Infraestructuras, S.L.; e Obras y Viales de Galicia, S.L. conteñen valores anormais ou desproporcionados en canto ao prezo segundo o sinalado na cláusula 13.1) do prego administrativo reitor do contrato.

Por canto antecede, a Mesa de Contratación, pola unanimidade dos seus membros, acorda propoñer ao órgano de contratación **EXCLUIR** da licitación ás ofertas presentadas polas empresas Grupo Bascuas 2008, S.L. e Petrolam Infraestructuras, S.L. por non achegar o programa detallado da obra esixido na cláusula 13ª.2) do prego administrativo e cuxa non inclusión se entende como causa de exclusión automática da oferta presentada no procedemento.


Asemade, a Mesa de Contratación, pola unanimidade dos seus membros, acorda **REQUIRIR**, a través do seu Secretario, ás ofertas presentadas polas empresas Construccions Taboada y Ramos, S.L.; Construcciones Rafer, S.L.; e Obras y Viales de Galicia, S.L. para que e de conformidade coa cláusula 13ª.1) do prego en relación co artigo 152.3 del Rd. 3/2011, de 14 de novembro, xustificuen o cumprimento das mesmas nos termos indicados na citada cláusula e no requirimento, que se referira especialmente a computar os custos salariais segundo Convenio, concedéndolle para elo un prazo de 5 días naturais, poñéndose de manifesto que á vista de dita motivación solicitarase informe ao director da obra para determinar si a xustificación realizadas pola proponente é asumible.

Sen máis asuntos que tratar, dáse por finalizada a reunión ás 10:00 horas, de todo o que, como Secretario, dou fe.


O Presidente da Mesa




O Secretario da Mesa,




A Concelleira de Réxime Interior,




O Concelleiro de Medio Rural e Servizos,



A Interventora Acctal,



O Secretario Xeral,



A Enxeñeiro Técnico Municipal,



O Director de obra,

